



### XUNTA DE GALICIA

#### DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO

##### Anuncio

#### ACORDO do 25 de xuño do 2024 da Dirección Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Cervantes. (Expediente 2022/34-ATE)

Con data 20 de novembro do 2023 a Xefatura Territorial (na actualidade Dirección Territorial) de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada INSTALACIÓN DE RECONECTADOR TC EN APOIO Nº 267/1 DA LMT BCR807.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta dirección territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a esta resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Cervantes, deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia do 10 febreiro do 2023 e Diario Oficial de Galicia do 24 de febreiro do 2023, para que comparezan o día **19 de SETEMBRO do 2024 no concello de Cervantes** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Cervantes estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa)

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta dirección territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa)

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 25 de xuño de 2024.- O director territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

#### ANEXO

N.º predio	Nome e Apelidos	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Apoio	m <sup>2</sup>	Ml aéreos	M <sup>2</sup> aéreos
1	Descoñecido	64	477	Seara Dalí	Monte baixo	267-1	5.0		
2	Descoñecido	64	476	Seara Dalí	Monte baixo	267-1	5.0		

**CONCELLOS****ALFOZ***Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Alfoz en data 25 de agosto de 2023 adoptou Decreto que di:

- 1 Delegar na concelleira dona Sonia Expósito Goás, con DNI número \*\*\*9208\*\* a celebración do matrimonio civil entre don Alberto Alonso López, titular do DNI número \*\*\*8544\*\* e dona María García Gutiérrez, titular do DNI número \*\*\*0960\*\*, a celebrar o día 20 de xullo de 2024 ás 13:00 horas nesta Casa Consistorial do Concello de Alfoz
- 2 Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro
- 3 Notifíquese a presente resolución ao designado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Alfoz, 9 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 2074

**CARBALLEDO***Anuncio***NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE CARBALLEDO**

Unha vez finalizado o proceso selectivo convocado para o ingreso nas prazas de persoal laboral fixo no Concello de Carballedo polo sistema de concurso-oposición, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 (BOP núm.119, do 26.05.2022) a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data 27 de xuño de 2024, acordou nomear como persoal laboral fixo do Concello de Carballedo aos candidatos propostos polo Tribunal cualificador que de seguido se relacionan:

**OPERARIO SERVICIOS VARIOS**

NOME E APELIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
JESÚS NOVOA VÁZQUEZ	*****742-Z	Operario de Servicios varios	V	Operario de servicios múltiples	Completa
MARCOS VÁZQUEZ NOVOA	*****053-V	Operario de Servicios varios	V	Operario de servicios múltiples	Completa
J. ANTONIO PEREIRA ÁLVAREZ	*****495-P	Operario de Servicios varios	V	Operario de servicios múltiples	Completa
J. ANTONIO NAVAL GONZÁLEZ	*****105-C	Operario de Servicios varios	V	Operario de servicios múltiples	Completa

**AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR**

ADMITIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
Mª PILAR RODRÍGUEZ MOSQUERA	*****725-D	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
Mª SOLEDAD MARCOS GARCÍA	*****089-D	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
Mª JOSÉ SUÁREZ LÓPEZ	*****406-E	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa

M <sup>a</sup> TERESA GONZÁLEZ MÍGUEZ	****185-F	Auxiliar servizo axuda no fogar	V	Auxiliar servizo axuda no fogar	Completa
---------------------------------------	-----------	---------------------------------	---	---------------------------------	----------

**PERSOAL DE APOIO AO PAI**

NOME E APELIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
MÓNICA GONZÁLEZ LÓPEZ	****597-Q	Persoal de apoio ao PAI	IV	Persoal de apoio ao PAI	Completa

**ORIENTADOR/A LABORAL**

NOME E APELIDOS	DNI	DENOMINACIÓN DA PRAZA	GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACIÓN DO POSTO	XORNADA
M <sup>a</sup> SONIA MOURE ALONSO	****948-J	Orientador/a laboral	II	Orientador/a laboral	Completa

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas no acordo da Xunta de Goberno para cubrir as prazas convocadas efectuarase no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP.

Carballedo, 9 de xullo de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R.2075

**CHANTADA***Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 02/07/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a abril 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axudano fogar correspondente a abril do 2024 terá lugar neste municipiodende o día 02 de xullo de 2024 ata o día 2 de setembro de 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeralcoñecemento e cumprimento.

Chantada, 4 de xullo de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 2060

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 02/07/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axudano fogar correspondente a maio do 2024 terá lugar neste municipiodende o día 02 de xullo de 2024 ata o día 2 de setembro de 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período

executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeralcoñecemento e cumprimento.

Chantada, 4 de xullo de 2024.-O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 2061

---

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 03/07/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes axuño 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes xuño 2024 terá lugar neste municipio dende o día 4 de xullo de 2024 ata o día 3de setembro de 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 5 de xullo de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 2062

---

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 03/07/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes axuño2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a xuño 2024 terá lugar neste municipio dende o día 4 de xullode 2024 ata o día 3desetembro 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada,4 de xullo de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 2063

---

## O CORGO

### *Anuncio*

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira en monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o

que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
GONZALO PEREZ BASCUAS	POLÍGONO 113 PARCELA 57	GOMEAN

O Corgo, 5 de xullo de 2024.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2064

## FOZ

### Anuncio

#### SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as normas para a **Selección de 1 Xefe de Brigada de incendios, 1 Peón Conductor de incendios, 3 Peóns de Brigadas de incendios e 3 Peóns de conductor de motobomba forestal para o Concello de Foz.**

**Prazo de presentación de instancias:** 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

**Requisitos do posto de traballo, solicitudes e admisión de aspirantes:** recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía 2024-0507 do 10 de xuño de 2024, no Taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Foz ([www.concellodefoz.es](http://www.concellodefoz.es)).-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 21 de xuño de 2024.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R.2065

## MURAS

### Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0204 ,foi aprobado o PADRÓN SAF -FEBREIRO 2024, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai publico para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 23 de maio de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2066

### Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0188, foi aprobado o PADRÓN PAI -FEBREIRO 2024.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 14 de maio de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2067

### Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2024-0243, foi aprobado o PADRÓN PAI –MARZO 2024.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 29 de maio de 2024.- Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2068

## RIBADEO

### Anuncio

**Resolución de Alcaldía núm. 2024-0600 de data 04/06/2024 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase persoal para cubrir a praza de Técnico de Xestión Económica desta entidade, posto número 0107 da actual RPT municipal.**

Identidade	DNI
Bibiana Montes Lastra	**0167**

#### Características da praza:

Servizo/Dependencia	Area Económica
Ide. Posto	0107/RPT
Denominación do posto	Técnico de Xestión Económica
Natureza	Funcionario carreira
Nomeamento	04/07/2024
Escala	Administración Xeral
Subescala	Xestión
Clase/Especialidade	Técnico

Grupo/Subgrupo	A/A2
----------------	------

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 4 de xullo de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2069

## O VICEDO

### Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 9 de xullo de 2024, aprobou inicialmente o expediente nº 9/24 de modificación de créditos do presuposto municipal vixente. Dando cumprimento ó preceptuado no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ó público por prazo de 15 días na Secretaría-Intervención deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

O Vicedo, 9 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2076

## XERMADE

### Anuncio

#### **Nomeamento de funcionario interino auxiliar biblioteca e prórroga da vixencia da bolsa de emprego**

Por Decreto da Alcaldía núm. 2022-0219 de data 15/06/2022 resolveuse nomear funcionario interino, consonte ao art. 10.1.b) do RDLex. 5/2015, para a praza de auxiliar de biblioteca (AUXB-01), por substitución transitoria da titular, a Marcos Saavedra Blanco, con DNI \*\*\*9874\*\*. A toma de posesión tivo lugar o 16/06/2022. Asemade, aprobouse a bolsa de emprego para nomeamentos interinos para a cobertura de vacantes na praza de auxiliar de biblioteca. Publicouse anuncio no BOP nº 183 o 11/08/2022.

Por Decreto da Alcaldía núm. 2024-0245 de data 29/05/2024 resolveuse:

*“PRIMEIRO.- Dispoñer o cesamento de Marcos Saavedra Blanco, con DNI \*\*\*9874\*\*, como persoal funcionario interino na praza de auxiliar de biblioteca (AUXB-01) por substitución transitoria da titular, consonte ao art. 10.1.b) do RDLex. 5/2015, con efectos do día 30/05/2024.*

*SEGUNDO.- Declarar a necesidade urxente e inaprazable de contratar persoal funcionario interino por vacante para a cobertura da praza de auxiliar de biblioteca consonte ao artigo 20.cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais del Estado 2023.*

*TERCEIRO.- Nomear a Marcos Saavedra Blanco, con DNI \*\*\*9874\*\*, funcionario interino por vacante, consonte ao art. 10.1.a) do RDLex. 5/2015, na praza de auxiliar de biblioteca (AUXB-01), e dispoñer a toma de posesión o día 31/05/2024.”*

Por Decreto da Alcaldía núm. 2024-0311 de data 04/07/2024 resolveuse prorrogar a vixencia da bolsa de emprego para nomeamento de persoal funcionario interino na praza de auxiliar de biblioteca durante un (1) ano máis, ata o 11/08/2025.

Faise público para xeral coñecemento.

Xermade, 5 de xullo de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2055